



Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: correo@ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

r/ Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

ACTA DO TRIBUNAL PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN XERAL, POR PROMOCIÓN INTERNA

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso, sendo as 10.30 horas do día 14 de febreiro de 2020 constitúese o Tribunal que haberá de xulgar o procedemento para a provisión da praza de Técnico Superior-Coordinador Xeral deste concello.

Preside D. Adrián Juan Márquez Caramés, Secretario do Concello de Abegondo; actúa como secretaria D^a. Lucía Rodríguez Mata, Interventora do Concello de Ponteceso; como vogais D. José Martínez Názara, Técnico de A.E, Coordinador das áreas de Cultura, Deportes e Xuventude do Concello de Cambre; D. Carlos Pérez González, Técnico de A.X, Xefe do Servizo de Planeamento do Concello da Coruña. D^a María Graciela Riveira Moreira, Secretaria do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña excusa a súa asistencia o mesmo día.

Pola resolución da alcaldía núm. 604/2019, de data 9 de outubro de 2019, aprobouse a convocatoria e as bases reguladoras que rexerán o procedemento selectivo para a provisión da praza de Técnico Superior-Coordinador Xeral deste concello, publicándose íntegramente no BOP núm. 203 de 24.10.2019, taboleiro de anuncios e na páxina web municipal. Advertido erro nas bases, procedeuse á súa corrección por medio da resolución da alcaldía núm. 9/2020, do 10.01.2020, publicándose íntegramente na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios.

Na data de 23.01.2020, resolución da alcaldía núm. 43/2020, aprobouse, ao non haber excluídos ao procedemento selectivo, a lista definitiva de aspirantes admitidos, nomeouse aos membros do Tribunal cualificador e fixébase o día 05.02.2020 para a celebración do segundo exercicio do proceso selectivo. Publicouse a mesma no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal.

Na data de 05.02.2020 celebrouse o primeiro exercicio e o Tribunal acordou o seguinte:

1.º Declarar ao seguinte aspirante APTO coa cualificación que consta, e convocalo para a realización do segundo exercicio, a celebrar o día 14 de febreiro de 2020 ás 10:30 no Salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso

SOLICITANTE	DNI	REXISTRO	1º EXERCICIO
EMILIO A. CAÍNZOS QUINTÁS	76406099F	3911 05-12-2019	16,50

2.º Publicar na páxina web municipal, www.ponteceso.gal, e no taboleiro de anuncios electrónico e o da Casa do Concello a acta deste primeiro exercicio.

Transcorridos 5 días hábiles dende a publicación das respostas correctas no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal (a publicación se produce o 06.02.2020), non constan reclamacións ou impugnacións contra as respostas dadas como correctas, tal e como acredita o informe de rexistro de 14.02.2020 que consta no expediente.

Procédese á realización do segundo exercicio do proceso selectivo, consistente en contestar a dous supostos prácticos, de entre tres propostos, durante un tempo máximo de dúas horas, referentes ao contido dos temas 1 a 40 do temario anexo.

Ás 11:05 horas procédese ao chamamento dos aspirantes admitidos, presentándose os seguintes:



CONCELLO DE PONTECESO

r/ Concello, 18
 15110 Ponteceso (A Coruña)

SOLICITANTE	DNI	REXISTRO	PRESENTADOS
EMILIO A. CAÍNZOS QUINTÁS	76406099F	3911 05-12-2019	SÍ

Sendo ás 11:10 horas procédese ao comezo do segundo exercicio.

Sendo ás 12:40 horas remata o segundo exercicio.

Ao abeiro da base Sétima C), o exercicio da segunda proba cualificarase ata a puntuación máxima de 20 puntos, 10 por cada suposto práctico, coa media resultante das cualificacións outorgadas por cada membro do Tribunal, eliminando, en todo caso, as puntuacións máxima e mínima cando entre estas exista unha diferenza igual ou superior a dous puntos resultando a seguinte puntuación. Seguidamente, o Tribunal da lectura ao segundo exercicio.

O Tribunal considera:

- en relación á resolución por parte do aspirante da opción 1, que existe falta de concreción nas respostas ás preguntas 2 e 3, circunstancia que conleva a penalización que cada membro do Tribunal entende que procede.

- en relación á resolución por parte do aspirante da opción 2, que existe falta de concreción no detalle da normativa aplicable na resposta á primeira pregunta, e unha falta de claridade expositiva nas respostas ás preguntas 2 e 3, circunstancias que conlevan a penalización que cada membro do Tribunal entende que procede.

Nembargantes, o Tribunal considera que a proba, no seu conxunto, é apta sen perxucio da preceptiva valoración individual polos membros do Tribunal.

O Tribunal acorda outorgar as seguintes cualificacións :

	Segundo exercicio. Opción 1	Segundo exercicio. Opción 2	Total
Presidente	9	6	15
Vogal 1	8,1	5,9	14
Vogal 2	8	6	14
Media aritmética puntuacións asignadas	8,37	5,96	14,33

O Tribunal acorda outorgar a seguinte cualificación ao segundo exercicio da fase de oposición:

SOLICITANTE	DNI	REXISTRO	2º EXERCICIO
EMILIO A. CAÍNZOS QUINTÁS	76406099F	3911 05-12-2019	APTO/14,33

A continuación ao abeiro da base Sétima, o Tribunal procede á valoración da fase de concurso ao aspirante que superou a fase de oposición:

A) Méritos profesionais

A.1) Grao persoal consolidado: 1 punto

A.2) Antigüidade: 4 puntos

B) Participación en actividades formativas e/ou de perfeccionamento. Estudos Universitarios, Máster e Postgrao:



Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: correo@ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

r/ Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

- a. Pola asistencia a cursos ou seminarios sobre materias directamente relacionadas coas funcións e tarefas do posto convocado, e outras análogas relacionadas con materias de carácter tributario, orzamentario ou relacionadas coa Administración Local, acreditados con diploma, certificado de asistencia ou de aproveitamento: 3 puntos.
- b. Por ter unha licenciatura superior ou equivalente a maiores da exixida: 0 puntos.
- c. Por cada título universitario propio de postgrado (master, especialización ou experto universitario) directamente relacionados coa area de coñecemento do posto de traballo ao que se opta: 2 puntos.

C) Nivel de coñecemento da lingua galega:

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística. Só se valorará o título de maior nivel)

- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo a Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño; ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas; Celga 5, : 4 puntos.

O Tribunal acorda outorgar a seguinte puntuación á fase de concurso

SOLICITANTE	DNI	REXISTRO	FASE DE CONCURSO
EMILIO A. CAÍNZOS QUINTÁS	76406099F	3911 05-12-2019	14

Polo tanto, rematado o proceso selectivo compre proceder, consonte á base Oitava, á cualificación final e relación de aprobados, polo que o Tribunal ACORDA:

1º Declarar APROBADO ao seguinte aspirante, coa cualificación final que consta:

SOLICITANTE	DNI	REXISTRO	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	FASE DE CONCURSO	CUALIFICACIÓN FINAL
EMILIO A. CAÍNZOS QUINTÁS	76406099F	3911 05-12-2019	APTO/ 16,50	APTO/ 14,33	14	44,83

2º Advertir ao aspirante aprobado que deberá presentar na Secretaría do Concello de Ponteceso, dentro do prazo de vinte días naturais, a contar desde o seguinte a aquel en que se faga pública a relación de aprobados, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria, consonte a base Novena.

3º Publicar na páxina web municipal, www.ponteceso.gal, e no taboleiro de anuncios electrónico e o da Casa do Concello a presente acta para xeral información e coñecemento.

Sendo as 13:45 horas o Presidente do Tribunal remata a sesión e redáctase a presente acta que asinan conxuntamente os membros do Tribunal Cualificador.

Polo Tribunal:

O Presidente,

A Secretaria,



Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: correo@ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

r/ Concello, 18
15110 Pontevedra (A Coruña)

Os vogais: